

San Marcos, s/n; 15.318 - Abegondo – (A Coruña); Teléf. 981.669.541

www.marinasbetanzos.org; [blog: http://qdr29.blogspot.com/](http://blog://qdr29.blogspot.com/); info@marinasbetanzos.org

ACTA DA XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, DO DÍA 14 DE FEBREIRO DE 2011.

En Abegondo, a 14 de febreiro de 2011, no Salón de Plenos do Concello de Abegondo sendo as 19.30 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse.

Asistentes:

- D. José Calo Faraldo, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- D. Antón Sánchez García, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Sindicato Labrego Galego).
- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca)
- Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas) e Secretaria da Asociación.
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural “Cultura Aberta”).
- D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Val de Aranga Asociación Cultural e Deportiva”).
- D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal)
- Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multiseccionais* (Asociación de Empresarios de Culleredo) e Tesoureira da Asociación.
- D. Xoan Alvarez Llana, en representación da mesa do sector institucional (Colexio Oficial de Veterinarios de A Coruña)
- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.
- Dna. Gumersinda Becerra Montes, Concelleira de Turismo e Medio Rural do Concello de Cambre, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Isidro Taibo Gago, Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.

- o D. Daniel Romero Cajigal, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.
- o D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas - Betanzos

 A SESIÓN TENSE DESENVOLTO, CO SEGUINTE : RESULTADO

1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbase a Acta da sesión anterior.

2.- SEGUIMIENTO DO PROGRAMA LEADER

2.1. INFORME PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER 2007-2013:

2.1.2.1. CREACIÓN DUN ESTUDIO FOTOGRAFICO NO CONCELLO DE COIRÓS.L10-41300-29-0042

Con data 06 de maio de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para crear un estudio fotográfico no Concello de Coirós. A promotora do proxecto é unha muller menor de 40 anos con ampla experiencia na fotografía como afeccionada, aínda que laboralmente ten exercido outras actividades, estando na actualidade en desemprego.

O proxecto consiste na creación dun estudio fotográfico para realizar reportaxes fotográficos de actos e eventos, así coma a prestación dun servizo de fotografías instantáneas.

O obxectivo principal que persigue o proxecto é dotar dun servizo fotográfico ó Concello de Coirós, onde na actualidade non existe este servizo e ó mesmo tempo vai crear o emprego da promotora.

Os investimentos aceptados son 17.652,48 euros que irán dirixidos á obra civil e equipamento:

Obra civil : 8.840,63.-€

Mobiliario: 8.811,85.-€

Con data 10 de xaneiro de 2011, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 65 puntos, correspondéndolle un 42,5% de axuda, resultando un importe de 7.502,30.-€, sobre un orzamento total de 17.652,48.-€

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto, baseándose en que ofrece un servizo non dispoñible hoxe en día no Concello de Coirós, contribuíndo ó benestar da poboación. Tamén acorda que se envíe dita resolución a AGADER.

2.2. INFORME PROXECTOS DENEGADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER 2007-2013:

2.2.2.1. ELABORACIÓN LIBRO RECEITAS DE GASTRONOMÍA TRADICIONAL. .L10-41300-29-0056

Con data 05 de xullo de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para a elaboración dun libro de receitas da gastronomía tradicional.

Mª del Pilar Díaz, profesional da cociña e promotora deste proxecto, que comprende a investigación sobre o patrimonio cultural gastronómico da zona das Mariñas-Betanzos, redacción, edición, publicación e difusión posterior do libro.

Con este proxecto se pretende dar a coñecer a cultura gastronómica e os produtos autóctonos da zona, fomentar a cociña tradicional, promocionar a agricultura ecolóxica e a gandería e ó mesmo tempo contribuír a conservar os pratos tradicionais do territorio, buscando a súa modernización adaptandoo as necesidades nutricionais actuais.

Este proxecto de carácter non-productivo ten un orzamento aproximado de 45.000 €, sendo subvencionable nun 50%.

Con data 24 de xaneiro de 2011, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe de Verificación Desfavorable de AGADER polos seguintes motivos:

“O proxecto consiste na elaboración dun libro de receitas da gastronomía tradicional da zona das Mariñas-Betanzos, e enmárcase na medida 413 dentro da tipoloxía “renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural” e ámbito de actividade “posta en valor do patrimonio cultural” como un proxecto de natureza non produtiva. Tendo en conta o establecido no Réxime de Axudas, este proxecto non entra en ningún dos apartados da ficha de elixibilidade III que trata sobre as actuacións enmarcables na medida 413. O libro soamente podería ser subvencionable se o promovera o GDR como un proxecto de promoción territorial”.

A Xunta Directiva comunicará á promotora a resolución desfavorable deste expediente, emitida por AGADER.

Estando algúns grupos interesados en traballar o patrimonio gastronómico dende a liña de proxectos de cooperación, acórdase solicitar o ingreso nestes proxectos.

2.3. EVOLUCIÓN DO GASTO PÚBLICO COMPROMETIDO DO PROGRAMA LEADER. PROPOSTA GASTO DE FUNCIONAMENTO 2011.

Revisase o cadro de gasto público comprometido, que se xunta como anexo.

Gastos de funcionamento:

A Xunta Directiva acorda unha subida nos salarios do equipo técnico para este ano 2011 dun 2%. respecto ó ano 2010, que quedaría como segue:

- Xerencia: 36.414.-€
- Técnicos: 22.888.-€
- Administrativos: 15.606.-€

O resto de partidas quedarían da seguinte maneira:

- | | |
|--|-------------|
| - Asistencia á xestión (contratadas polo GDR): | 1.227,84.-€ |
| - Subministrados exteriores: | 3.573,64.-€ |
| - Material informático, telemático e de reprografía: | 750,00.-€ |
| - Outros gastos: | 140,00.-€ |

TOTAL GASTOS FUNCIONAMENTO PARA O ANO 2011: 101.413,99.-€

3. PROXECTOS DE COOPERACIÓN ENTRE GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Presentación propostas Proxectos de Cooperación para a Convocatoria do 2011.

Infórmase ós asistentes que o pasado 26 de xaneiro de 2011, tivo lugar en Lalín unha xornada convocada pola Asociación de GDR de Galicia, co obxecto de presentar ideas para posibles proxectos de cooperación entre GDRs.

As propostas presentadas son as que se enumeran a continuación co nome do Grupo promotor da idea:

1. PROYECTO POSTA EN VALOR DA “PER LOCA MARÍTIMA” (Mariñas – Betanzos)
2. MARCA CALIDADE PLANTA ENVASADA (Mariñas – Betanzos)
3. FOMENTO DA INNOVACIÓN NO MEDIO RURAL (Mariñas – Betanzos)
4. CUSTODIA DO TERRITORIO (Mariñas – Betanzos)
5. POLÍGONOS HORTÍCOLAS. CREACIÓN EMPREGO XÓVENES (Mariñas – Betanzos)
6. GDRs FRENTE AL CAMBIO CLIMÁTICO (Mariñas – Betanzos)
7. NUEVOS HORIZONTES GALICIA (Asdecomor)
8. MARIDAXE DE SABORES (MAIV Baixo Miño)
9. LONXA DE MADEIRA (MAIV Baixo Miño)
10. A GALICIA RURAL NO OBXECTIVO (MAIV Baixo Miño)
11. POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO INMATERIAL. LENDAS DE GALICIA (Costa Noroeste)
12. CULTURA RURAL GALEGA E TURISMO (Ancares Courel)
13. COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS (O Vieiro Leboreiro)
14. CÚRAME: CURANDEIRAS, MENCINEIRAS E MEIGAS (Avinza)
15. CREACIÓN DUNHA REDE DE BANCOS DE TEMPO (Pontevedra-Morrazo)

16. APLICACIÓNS MÓBILES PARA A PROMOCIÓN TERRITORIAL E ECONÓMICA DOS GDRs (Terras do Deza)
17. DIETA GALEGA (O Vieiro Leboreiro)
18. COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS DE CALIDADE EN EUROPA (Valdeorras)
19. ESPECIES ORNAMENTAIS E FORESTAIS (Deloa)

Así mesmo, a Reder ten elaborado unha “bolsa de proxectos” para os Grupos que queiran sumarse.

PROPUESTA DE TEMATICAS BOLSA DE PROYECTOS DE COOP. REDER 2.011.

Temática.	Observaciones.	Tipo de proyecto.
1. Competitividad turística a través de la formación.	Continuidad.	Interterritorial.
2. Comunicación.	Continuidad.	Interterritorial.
3. Dinamización a través de agentes sociales de los territorios.	Continuidad.	Interterritorial.
4. Agro-restauración en Red.	Continuidad.	Interterritorial.
5. Buenas Prácticas Micológicas.	Continuidad.	Interterritorial.
6. Calidad industria agroalimentaria local.	Continuidad.	Interterritorial.
7. Bionergia.	Continuidad.	Interterritorial.
8. Rutas Turísticas.	Continuidad.	Trasnacional.
9. Recuperación ecológica y sostenible del patrimonio.	Continuidad.	Interterritorial.
10. Nuevos pobladores del medio rural.	Continuidad.	Interterritorial.
11. Indicativos territoriales.	Continuidad.	Interterritorial.
12. El papel de la mujer rural en procesos de desarrollo territorial.	Continuidad.	Interterritorial.
13. Nuevas tecnologías aplicadas al desarrollo rural / territorial.	Nueva temática.	Interterritorial.
14. Turismo Arqueológico.	Nueva temática.	Interterritorial.
15. Selvicultura como generadora de empleo en el medio rural.	Nueva temática.	Interterritorial.
16. Artesanía y comercio local.	Nueva temática.	Interterritorial.
17. Jóvenes rurales.	Nueva temática.	Interterritorial.
18. Conjuntos históricos turísticos y sostenibles.	Nueva temática.	Interterritorial.
19. Castillos.	Nueva temática.	Interterritorial.
20. Innovación en las micropymes rurales.	Nueva temática.	Interterritorial.

A Xunta directiva repasa as fichas dos proxectos que se presentarían dende Mariñas – Betanzos.

Así mesmo acórdase enviar a documentación solicitada por parte da REDER para participar como socios nos seguintes proxectos, que son os que máis se adecúan á estratexia do Grupo:

Temática.
1. Los agentes locales como motores en los procesos de desarrollo sostenible de los territorios.
2. Agro-Res. Agrorestauración en Red.
3. Calidad agroalimentaria. Señas de identidade de los territorios rurales
4. Bioenergía una oportunidade sostenible para el medio rural.
5. Por Rutas Turísticas.
6. El papel de la mujer rural en procesos de desarrollo territorial.
7. Arqueoturismo Rural
8. Selvicultura como generadora de emprego en el medio rural.

A Xunta Directiva autoriza á Presidencia e a Secretaría para a sinatura de todos os documentos necesarios para presentar a candidatura como socios ós proxectos anteriormente mencionados.

4. AXUDAS SOLICITADAS

4.1. Convocatoria de programas dirixidos a entidades para actividades e investimentos de promoción económica durante o ano 2011. Deputación Provincial da Coruña.

Se informa ós asistentes que o pasado día 31 de xaneiro tense presentado á Deputación Provincial unha solicitude de subvención para levar a cabo a **“II PARTE DO ESTUDIO: POSTA EN VALOR DA VÍA XX- A PER LOCA MARÍTIMA”** por importe de 5.000 euros.

A Vía XX ou Perloca Marítima precisa unha identificación sobre o terreo. Para tal fin propónse desenvolver unha segunda parte do estudio de base que foi elaborado no ano 2010 coa axuda da Deputación Provincial, co obxecto de identificar este camiño e os ramales secundarios polos seguintes lugares: Treito Mariñán entre As Travesas e Betanzos; Treito Mariñán entre As Travesas e Cabovilaño; Treito Mariñán da estrada de Betanzos-Vilasantar e Betanzos Portomarín; Treito entre Adrán e a Ponte San Xusto (As Cruces); Treito entre Adrán e a Torre de Hércules (A Coruña).

4.2. Informe axuda solicitada á Fundación Obra Social Nova Caixa Galicia.

Infórmase que o pasado 28 de xaneiro de 2011 tense enviado unha solicitude de axuda á Obra Social de 1.500 euros para o ano 2011, tal e como está estipulado no Convenio de colaboración asinado no ano 2009 entre AGADER e a Caixa Galicia de apoio ós Grupos de Desenvolvemento Rural.

Comunícase ós asistentes que a entidade NovacaixaGalicia a través da súa obra social, abonará na conta da Asociación 900 euros en concepto de colaboración, segundo escrito recibido na sede do GDR o día 10 de febreiro de 2011.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

5.1. CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL: DELIMITACIÓN E CUALIFICACIÓN DAS ZONAS RURAIS ONDE SE APLICARÍA O PDRS 2010-2014

En aplicación en Galicia da Lei 45/2007, de 13 de decembro, de desenvolvemento sostible do medio rural e do Programa de desenvolvemento rural sostible 2010-2014 (PDRS 2010-2014), que a desenvolve o Consello da Xunta de Galicia designou na súa xuntanza do 25 de marzo de 2010 ao consello de dirección de AGADER como órgano de coordinación no marco da comunidade autónoma.

Tamén designou ó consello asesor de AGADER como órgano de participación, información e consulta dos axentes socioeconómicos de ámbito autonómico relacionados co medio rural.

Nesta mesma xuntanza, o Consello da Xunta aprobou a delimitación e cualificación das zonas rurais onde se aplicaría o PDRS 2010-2014, seguindo os criterios e indicadores adoptados para todo o territorio nacional polo ministerio de medio ambiente, medio rural e mariño e as comunidades autónomas.

A filosofía da lei e do Programa conlevan unha planificación a escala territorial e coa participación da poboación, que se plasmará na redacción dos plans de zonas na que participaran os consellos de zona.

O consello de dirección de AGADER na súa xuntanza celebrada o día 03 de decembro de 2010, acordou a composición dos devanditos consellos de zona.

Entre as entidades que forman parte dos consellos de zona atópanse os grupos de desenvolvemento rural, que deberán designar, por común acordo entre eles, un único representante para cada unha das zonas.

Por tal motivo, AGADER ten remitido escrito recibido na sede do GDR Mariñas – Betanzos o día 07 de febreiro de 2011 informando de todo o exposto anteriormente así como, comunicando que o prazo para realizar as designacións rematará o 10 de febreiro de 2011.

Os representantes a elixir que actuarán como vogais dos Consellos de Zona que haberán de constituírse para o desenvolvemento e execucións dos plans de zona que se executen no marco da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural serán os seguintes:

- Tres alcaldes dos concellos incluídos no ámbito territorial dos respectivos Plans de Zona, designados pola Fegamp.
- Un/unha representante dos GDR constituídos no territorio, designado de común acordo entre eles.
- Un/unha representante das organizacións profesionais agrarias con representación no territorio, designado por estas de común acordo.
- Un/unha representante das organizacións sindicais con representación no territorio, designadas por estas de común acordo.
- Un/unha representante das asociacións de mulleres rurais constituídas no territorio, designada por estas de común acordo.
- Un/unha representante dos grupos conservacionistas con presenza no territorio, designado de común acordo entre eles.

Infórmase ós asistentes que o representante dos GDR será a **ASOCIACIÓN EUROEUME**.

5.2. INFORME REUNIÓN DA REDER

O presidente informa sobre a asistencia á reunión de Xunta Directiva da REDER en Madrid, onde se falou das novidades da reforma da P.A.C. e da vindeira convocatoria de proxectos de cooperación, proponendo que se celebre en Galicia unha xornada informativa de proxectos de cooperación. Comenta tamén que dende a Dirección General de Agricultura da Unión Europea, presentóuselles a posibilidade de estudar propostas que se envíen dende Galicia.

Así mesmo, o presidente entrega ós asistentes un documento para a reflexión sobre o futuro da P.A.C. máis aló do ano 2013.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 22.00 horas.

En Abegondo, a 14 de febreiro de 2011

A Secretaria

Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre

Vº e praxe O Presidente

Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes